PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/03/2024 14:17:10
Nº Rexistro: 61
Data envio: 13/03/2024 14:17:10.306

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa da Deputación Permanente, na súa sesión do día 11 de marzo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 4.º- COMUNICACIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

A) Comunicacións entidades

—19 Escrito da secretaria nacional da Confederación Intersindical Galega (CIG), do coordinador xeral do Sector da Administración Autonómica da Confederación Sindical de Comisiones Obreras (CCOO), do coordinador da Central Sindical Independiente y de funcionarios (CSIF) e do secretario do sector de autonómica de Unión General de Trabajadores (UGT), en relación á proposta de modificación da relación de postos de traballo da Valedora do Pobo.

D.ª Zeltia Burgos Tortosa, Secretaria Nacional da CIG-Autonómica, D. Javier Lareu Rodiño, Coordinador Xeral do Sector da Administración Autonómica da FSC de CCOO de Galicia, D. Juan Araujo Gutiérrez, coordinador de CSIF do Sector de Administración Xeral da Comunidade Autónoma e D. Lino Díaz Goás, Secretario do Sector de Autonómica da UGT Servizos Públicos de Galicia, mediante o escrito co número de rexistro 19, do 27 de febreiro de 2024, *«solicitan a convocatoria da Mesa de Negociación do Parlamento de Galicia para debater e negociar no ámbito legal a modificación da RPT do Valedor do Pobo, de conformidade co preceptuado no artigo 66 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.»*

En relación con esta solicitude, a Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, oídos os Servizos Xurídicos, fai as seguintes manifestacións aclaratorias:

Primeira. O Parlamento de Galicia e o Valedor do Pobo, ámbolos órganos estatutarios (artigos 9 e 14 do Estatuto de Autonomía de Galicia), son órganos institucionais diferenciados, polo que contan coa súa propia organización administrativa: a Administración do Parlamento de Galicia e a Oficina do Valedor do Pobo, respectivamente. Esta diferencia tradúcese nun réxime xurídico diferenciado. Así, o persoal que está ao servizo do Valedor do Pobo non depende nin está adscrito ao Parlamento nin á súa administración. A súa dependencia e adscrición están establecidas nas normas que lle son aplicables: o art. 10.1. da Lei do Valedor do Pobo, que establece que depende orgánica, funcional e disciplinariamente do Valedor do Pobo. Esta dependencia reitérase no art. 18.1 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (DOG núm. 30, do 12 de febreiro de 2018). A organización pública da que depende ese persoal é a institución do Valedor do Pobo e, polo tanto, está adscrito á súa Oficina, organización administrativa ao seu servizo. Consonte ao dito regulamento, conta, polo tanto, cunha estrutura orgánico-funcional propia: a titular da institución, a quen lle corresponde exercer a xefatura do persoal e a potestade disciplinaria [art. 7.k)], e propoñer o cadro de persoal e proceder ao nomeamento e cesamento do persoal ao servizo da institución [art. 7.1)]. A Xunta de Coordinación e Réxime Interior que ten, entre as súas competencias, a de informar sobre as cuestións que afecten a

CSV: REXISTRO-QT29I9IDE-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

determinación do cadro de persoal, así como o nomeamento e cesamento do persoal ao servizo da institución [art. 12.a)]. Á Secretaría Xeral correspóndelle supervisar os servizos administrativos da institución e darlle conta do seu funcionamento á Xunta de Coordinación e Réxime Interior [art. 19.2.a)]. E ao Servizo de Administración e Persoal compételle, a través da súa xefatura, dirixir, organizar e controlar os servizos administrativos [art. 24.2.a)].

Pola contra, a estrutura orgánico-funcional da Administración do Parlamento de Galicia, que trae causa do disposto nos artigos 30.1.2.ª, 60, 61, 62 e disposición derradeira cuarta do Regulamento do Parlamento de Galicia —norma con rango de lei—- está regulada no Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018).

Segunda. O artigo 10 da LVP dispón o seguinte:

1. O persoal ó servicio do Valedor do Pobo considerarase persoal ó servicio do Parlamento mentres permaneza no exercicio das súas funcións. Dependerá orgánica, funcional e disciplinaríamete do Valedor do Pobo e rexerase polas normas de réxime interior previstas na disposición adicional e, con carácter supletorio, polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

2. O cadro de persoal será aprobado pola Mesa do Parlamento por proposta do valedor ou da valedora do pobo. Dentro do devandito cadro o valedor ou a valedora do pobo poderá designar ata cinco persoas asesoras, sempre que sexa posible dentro dos límites orzamentarios.

O persoal restante deberá reunir a condición previa de funcionario ou funcionaria de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á súa oficina por libre designación ou por concurso público segundo a relación de postos de traballo.

Sobre a interpretación do artigo 10 da lei do Valedor do Pobo, pronunciouse a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentencia 855/2003, do 8 de outubro. A frase “persoal ao servizo do Valedor do Pobo” non equivale a “persoal do Valedor do Pobo”, xa que esta institución carece de función pública propia e os postos da súa RPT son provistos por persoal funcionario das administracións públicas. E a frase “persoal ao servizo do Parlamento” non equivale a “persoal do Parlamento” dado que, segundo o EPPG, o persoal do Parlamento de Galicia é o que está vinculado á súa Administración mediante unha relación profesional de emprego (art. 2 do EPPG).

Terceira. O marco normativo polo que se rexe o Valedor do Pobo habilita para que os suxeitos lexitimados poidan configurar o Valedor do Pobo como unha unidade electoral co fin de que o persoal que presta os seus servicios nesa institución e na súa organización administrativa que é a Oficina do Valedor do Pobo (10.3 da LVP), dispoña de órgano de representación: delegado ou xunta de persoal. Polo tanto, correspóndelle á propia institución, ás organizacións sindicais e ao persoal ao servizo do Valedor do Pobo crear no seu seo o seu órgano de representación [arts. 4 b), 39 a 44 do

CSV: REXISTRO-QT29I9IDE-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/03/2024 14:17:10
Nº Rexistro: 61
Data envio: 13/03/2024 14:17:10.306

EBEP, e arts. 10, 155 a 161 da LEPG], creación que é legalmente posible e esixible no ámbito dese órgano estatutario, ao abeiro do disposto no art. 39.4 do EBEP e no art. 155.2 da LEPG.

Cuarta. Conforme ao establecido no art. 65 do EPPG, o órgano de participación na determinación das condicións de traballo do persoal funcionario da Administración do Parlamento de Galicia é a *Mesa de negociación da Administración do Parlamento de Galicia.* E o persoal funcionario da Administración do Parlamento de Galicia é o que está vinculado a esa administración mediante unha relación profesional de emprego (art. 2 do EPPG). Consecuentemente, por esta causa legal, as condicións laborais do persoal ao servizo do Valedor do Pobo non se negocian no seo da citada Mesa.

Quinta. As normas do EPPG que regulan a Mesa de negociación da Administración do Parlamento de Galicia foron especificamente deseñadas para negociar exclusivamente as condicións laborais do citado persoal da Administración da Cámara, polo que non cabe xuridicamente utilizar instrumentalmente ese órgano para negociar condicións laborais de persoal que depende orgánica, funcionalmente e disciplinariamente do Valedor do Pobo (art. 10.1 da LVP), máxime cando a representación non sindical desa Mesa está constituída, legal e loxicamente, por representantes da Administración da Cámara o non do Valedor do Pobo (art. 65 EPPG). Sería contrario á lei e a toda lóxica que a representación da Administración do Parlamento de Galicia na Mesa de negociación desa administración, negociara coas organizacións sindicais lexitimadas as condicións laborais de persoal funcionario que presta servizos no Valedor do Pobo, que non depende orgánica, funcional nin disciplinariamente da dita administración senón desta institución.

Sexta. A aprobación da RPT do Valedor do Pobo pola Mesa do Parlamento, por proposta da persoa titular desa institución (art. 10.2 da LVP), non obsta para que, previamente, no Valedor do Pobo se negocie ese instrumento de clasificación dos postos de traballo coas organizacións sindicais lexitimadas, da mesma maneira que son eses sindicatos os que negocian a RPT da Administración do Parlamento de Galicia no seo da Mesa de negociación desta administración. Proba disto é o feito de que a última proposta de modificación da RPT do Valedor do Pobo foi negociada cos sindicatos o 5 de maio de 2023 (punto 2 da proposta), pero non, obviamente, na Mesa de negociación da Administración do Parlamento de Galicia.

Sétima. O Valedor do Pobo, como órgano estatutario (art. 14 do EAG), ten capacidade para negociar coas organizacións sindicais lexitimadas as condicións laborais do persoal que presta servizos na institución, dentro do marco normativo xeral regulador da negociación colectiva do persoal funcionario definida nos arts. 4 b), 31 a 38 do EBEP, nos arts. 10, 149 a 154 da LEPG e na Lei orgánica de liberdade sindical.

Oitava. Estas cuestións relativas á representación e á negociación das condicións laborais do persoal ao servizo do Valedor do Pobo foron subscitadas no procedemento de impugnación de laudos arbitrais 285/2023, que concluíu na sentenza 149/2023, do 20 de xuño, do Xulgado do Social número 2 de Santiago de Compostela, que

CSV: REXISTRO-QT29I9IDE-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/03/2024 14:17:10
Nº Rexistro: 61
Data envio: 13/03/2024 14:17:10.306

PARLAMENTO DE GALICIA

desestimou unha demanda do CSIF contra o Parlamento de Galicia, CCOO, UXT e CIG, no referido a non inclusión no censo electoral nas eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, do persoal ao servizo do Valedor do Pobo. Esta sentenza foi confirmada en suplicación pola sentenza 5536/2023, do 13 de decembro, da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sentenza que é firme.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2024

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.03.13 14:09:37 +01'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: REXISTRO-QT29I9IDE-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/03/2024 14:17:10
Nº Rexistro: 61
Data envio: 13/03/2024 14:17:10.306

Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 13/03/2024 14:09:37

CSV: REXISTRO-QT29I9IDE-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/